

## **BASES DO 'II CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE TOÉN' (EXP. 541/2021)**

### **1. PERSOAS PARTICIPANTES**

Poderán participar todas as persoas empadroadas no Concello de Toén maiores de idade que teñan vivendas e establecementos comerciais no termo municipal con xanelas, balcóns, fachadas, peches, fincas ou escaparates que sexan visibles desde o espazo público.

Establécense dúas categorías no concurso, unha individual e outra de grupo (barrio, grupo de veciños...). Para poder ser admitido no concurso un grupo deberá estar integrado por alomenos 5 membros. A participación na categoría de grupo non impedirá que un veciño poida participar tamén na categoría individual.

Non poderán participar os/as concelleiros/as da Corporación, os/as empregados/as municipais nin os/as familiares dos/as anteriores/as de primeiro grao en liña descendente ou ascendente.

Para que os premios non queden desertos será imprescindible que exista un número mínimo de 5 participantes na categoría individual e 3 participantes na categoría de grupo.

### **2. TEMÁTICA E CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Poderán participar todas as xanelas, balcóns, fachadas, peches ou fincas con decoración de Nadal no termo municipal de Toén que sexan visibles desde o espazo público. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo, sempre que a temática xire en torno ao ambiente de Nadal.

Os criterios a valorar son os seguintes: creatividade, orixinalidade, combinación de elementos e cores, iluminación e composición, e motivos empregados para a decoración.

### **3. INSCRIPCIÓN**

Todas as persoas interesadas en participar, deberán inscribirse ata o día 23/12/2021 ás 14h.00, mediante o envío dun correo electrónico ó enderezo [concello.toen@eidolocal.es](mailto:concello.toen@eidolocal.es)

Deberán achegar unha fotografía da xanela, balcón, fachada, peche ou finca que presenta a concurso, en papel ou en formato dixital a través do correo electrónico indicando 'II Concurso de decoración de Nadal de xanelas, balcóns, fachadas, peches e fincas do Concello de Toén' (Exp. 541/2021); e identificar a súa situación exacta; os datos identificativos (nome, apelidos e DNI das persoas participantes) e categoría na que participan, individual ou grupo.

### **4. SELECCIÓN DAS OBRAS**

Un xurado nomeado pola Alcaldía seleccionará as 2 xanelas, balcóns, fachadas, peches ou fincas premiadas para cada unha das categorías..

O fallo do xurado será inapelable, podendo declarar deserto todos o algún dos premios previstos.

Sobre a base da acta do xurado, a Alcaldía mediante unha resolución outorgaralles os premios ás persoas gañadoras do concurso con identificación da denominación, DNI e importe do premio.

O resultado do concurso farase público o día 29/12/2021.

O acordo de outorgamento dos premios será obxecto de publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), con expresión das persoas beneficiarias e da contía dos premios concedidos.

### **5. PREMIOS**

O importe dos premios será o seguinte:

**Concello de Toén**

- Premio categoría individual: 100,00 €.
- Premio categoría de grupo: 250,00 €.

Os premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria ás persoas premiadas, previa presentación dunha declaración responsable, debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante, na que se faga constar que non está incurso en prohibición para ser beneficiaria de subvencións e que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

## **6. COMPROMISOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

As persoas participantes comprometeranse a expoñer a decoración navideña da xanela, balcón, fachada, peche ou finca que sexa visible desde o espazo público ata o día 06/01/2022.

Todas as persoas participantes comprometeranse a aceptar a decisión do xurado.

A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte das persoas concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras presentadas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Toén e sempre sen ánimo de lucro.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.

O alcalde

*(Documento asinado electronicamente na marxe)*

